

**XORNADA-ENCONTRO POR UN DESENVOLVEMENTO HUMANO  
SOSTIBLE A TRAVÉS DA SOBERANÍA ALIMENTARIA:  
BUSCANDO ESTRATEXIAS DENDE GALICIA.**



**OBXECTIVO**

Crear un espazo de reflexión e debate para organizacións e persoas que dende diversos ámbitos (ONGD, DDHH, organizacións agrarias, de formación, de consumo, ecoloxistas, feministas, etc.) están implicadas na promoción da Soberanía Alimentaria, co fin de avanzar na definición de estratexias, retos e áreas de colaboración específicas para o seu fortalecemento e difusión en Galicia nos aspectos de produción, consumo e recursos naturais, con visión norte e sur, e en varios niveis de actuación (sensibilización, incidencia política, actividades produtivas, etc.).

**PROGRAMA**

**VENRES, 6 DE MARZO DE 2009**

**Mañán**

10'30h. Presentación.

11-11'50h. **Experiencias dende Galicia. Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos (ISAP).** Xosé M<sup>a</sup> García Villaverde. **Universidade Rural Paulo Freire do Eume (EUROEUME).** Anxo Zas.

11'50-12'15h. Descanso- café.

12'15-13h. **As mulleres como garantes da soberanía alimentaria: Marcha Mundial das Mulleres; Tereixa Otero.**

13-14 h. **Compartindo experiencias do Sur: Movimento Nacional Campesino e Indígena (MNCI) – Arxentina;** José Rubén Lobos.

14-16:30h. Descanso – comida.

**Tarde**

16'30 h -18'30 h.

**Obradoiro: Retos, fortalezas e carencias para a xeneración de redes de Soberanía Alimentaria;** Tom Kucharz (**Ecologistas en Acción, Verdegaia**).

18'30-19h. **Conclusionés**

19h. **Clausura.**

**Lugar:**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA, Club Internacional de Prensa: Avda. A Coruña, 6 baixo.**

## ENTIDADES ás que vai DIRIXIDO O ENCONTRO:

- Asociacións de produtores e produtoras.
- Asociacións e grupos de consumo.
- Movementos sociais (ecoloxistas, feministas, ONGDs, sindicatos, etc.).
- Organizacións do ámbito rural: de formación, de desenvolvemento.
- Entidades que traballen o Consumo responsable e Comercio Xusto.

Toda persoa interesada en propostas alternativas de desenvolvemento humano, sostible e solidario cun enfoque de Soberanía Alimentaria.

## PRESENTACIÓNS:

As presentacións centraránse nas complexidades e achegas das experiencias de colaboración entre organizacións e sectores diversos, tanto no eido local como o estatal e internacional, para a difusión e fortalecemento da Soberanía Alimentaria. Das devanditas presentacións e do debate que se xere, pretendemos extraer aprendizaxes para a identificación de retos, definición de estratexias e busca de compromisos no contexto específico de Galicia.

As entidades invitadas a presentar a súa experiencia serán as seguintes:

**Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos (ISAP)- Galicia:** Integrada polas seguintes organizacións: Amarante, A Cova da Terra, Eirado, Emaús, Fundación Galicia Verde, Panxea, Semente, Sindicato Labrego Galego, Veterinarios Sen Fronteiras e Verdegaia.

**Universidade Rural Paulo Freire do Eume (EUROEUME):** Entidade inspirada en movementos pedagóxicos rurais e implicada no desenvolvemento integral da súa área de actuación que comprende os concellos de Cabanas, A Capela, Moeche, Monfero, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas e Viilarmaior.

**Marcha Mundial das Mulleres:** rede feminista internacional que agrupa a mulleres de máis de 150 países e que celebrou recentemente en Vigo (outubro 2008) o seu VII Encontro Internacional adicado en exclusiva á Soberanía Alimentaria.

**MNCI (Movimento Nacional Campesino e Indígena)- Arxentina:** Organización pertencente á Vía Campesina, sendo ademáis o seu representante, José Rubén Lobos, o encargado de XUVENTUDE dentro da coordinadora rexional de Vía Campesina en Sudamérica.

Contacto: Emaús Fundación Social  
Charo Baamonde  
edgalicia@emaus.com  
986 22 02 84 / 625 664 354